

PROGRAMA

Dous cantos de nadal ensinados nos obradoiros das bibliotecas municipais

- Canto de Nadal da Peregrina (Santiago de Compostela)
- Canto de Nadal de Moialde (Vilardevós - Ourense)

Agrupación folklórica "Os Gaiterriños"

- Nun pesebre de Belén
- Un anxiño veu do Ceo

Maghúa

- Cantar dos Reis de Barro de Arén (Cerdedo, Ponte Vedra), recollido no Teleclub de Barro.
- Cantar de Reices de San Xosé (Orientais) de Santaia de Moar (Moar, Frades, A Coruña), do repertorio de Ricardo Lagares (+)"

Grupo de adultos do Círculo de actividades da Asociación Cultural Xacarandaina

- "Canto de Nadal de Trazo"

Grupo de rapazas do Círculo de actividades da Asociación Cultural Xacarandaina.

- "Paxoliña"

Asociación Cultural Donaire

- Canto de Nadal de Frieiro (Santa Comba - A Coruña)
- Aninovo de Negreira de Vilamaior (Santa Comba - A Coruña)

Cántigas da Terra

- Anxos de luz. Autor: Eduardo Diehl
- Alalá de Muxia. Autor: Manuel M. Puga Parga

Asociación de Coros e Danzas Eidos

- Cantiga de Nadal (Popular) de Bembibre, recollido del disco derradeira polavila
- Canto de Reis (Popular), recollido do cancionero popular das terras do tamarela.



CANTOS DE

NADAL 2009



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**

**MARTES, 22 decembro
20.00 h
ENTRADA DE BALDE
(ata completar aforo)**

OS CANTOS DE NADAL

En Galicia as diferentes festas anuais sempre tiveron moita importancia, tendo na tradición oral unha peculiar manifestación cultural, que na maioría dos casos exprésase por medio do canto. Ocorre así no tempo do Nadal, no cal a doutrina relixiosa xúntase coa tradición oral (canto) formando unhas cantigas pagano-relixiosas cuns rasgos característicos propios que chegaron a través das xeracións ata os nosos días coa denominación de "Cantos de Nadal".

Destacan tres cantares moi semellantes na súa estrutura e modo de execución, diferenciándose fundamentalmente na data das festas á que fai referencia e na cal se cantaban: Noiteboa, Aninovo e Reis. Estes cantos presentes en toda Galicia reciben diferentes denominacións nas distintas zonas ou comarcas, entre estas cabe citar: Noitiña de Nadal, Nadales, panxola de Nadal, Maitines, Aninovo, Manueles, Xaneiros, Reis, Reices ou Reises,

Durante séculos a Igrexa aprendeu aos fieis oracións e cancións relacionadas con diferentes ritos e épocas do ano e escritos en latín ou en castelán. Os fieis (galego falantes na súa maioría) memorizaron vilancicos ou Cantos de Nadal e de Reis, nun idioma diferente ao seu, e isto provocou que se enchesen de deturpacións e mesturas lingüísticas. Sirvan como exemplo estas coplas:

*Esta noite de Nadal
por ser noite d'alegría
caminando vai José
e maila Virgen María.

Caminan para Belén
a ver si llegan con día
cuando a Belén llegaron
la media noche sería.

Coa intención de recuperar e continuar cantando a tradición do Nadal que perviviu ao longo dos séculos, propoñemos dous cantos de Nadal, un que conta unha historia cunhas palabras máis coñecidas, sobre todo na provincia da Coruña e que foi aprendido na parroquia de Santa María da Peregrina, a 4 kms. de Santiago de Compostela, e outro recollido no concello de Vilardevós, no val ourensán de Riós, unha zona pouco coñecida polos investigadores de campo do noso tempo. Para adecualos aos usos actuais da nosa lingua, realizamos unha adaptación das letras. Unha vez aprendidos poderemos seguir transmitindo parte do noso patrimonio ás vindeiras xeracións.

CANTO DE NADAL DE MOIALDE

(Vilardevós - Ourense)

Vaia de festa en festa,
de festa en festa vaia,
que en Belén xa naceu
un doce sol da alma.

Para Belén camiña
a Virxe soberana,
toda chea de gloria,
de gloria e adornada.

Como a neve é moita
como a neve é tanta
dende as montañas chega
a pedirlle pousada

E o ingrato resposta:
"Quén é ese que chama?
Se trae diñeiro que entre
senón, non hai pousada."

San Xosé xa sufría,
María xa o consolaba:
"Cala Xosé, miña vida,
cala Xosé da alma,
que nos meus peitos traio
quen nos ha de dar pousada.

Entre un boi e unha mula
e un alpendre de palla,
elas eran pouquiñas,
elas eran molladas,
e alegría e bo gusto
vaia a catalana.

De quen son os grandes pazos
feitos de palma e oliva?
Eles son do rei do ceo
e outros da Virxe María,

e outros son destes señores
que por moitos anos vivan,
que vivan estes señores
e maila súa familia.

Esta casa caleada
por dentro e mais por fóra,
que vivan estes señores
os señores que nela moran.

CANTO DE NADAL DA PEREGRINA

(Santiago de Compostela)

Esta noite de Nadal
noite de grande alegría.
Ai! que noite tan fermosa
para Xosé e María.

Camiñan para Belén,
a Belén levan a guía.
Cando a Belén chegaron
toda a xente durmía.

Arrimaron a un carballo
de par dunha fonte fría,
estando alí o porteiro
ai! que as portas abría.

Abre as porteiras porteiro
a Xosé e a María,
como queres que as abra
se as chaves el non tiña.

Se as tivese de ouro
de prata eu chas daría,
eu non chas teño de ouro
nin tampouco prata fina.

O porteiro é descortés,
ten moi pouca cortesía,
atreveuse a preguntarlles
cando a Virxe paría.

Non pare para esta noite,
nin para a que xa viña,
cando era media noite
a Virxe parido tiña.

Trouxo un neno tan fermoso
que ao mundo resplandecía,
tanta era a súa pobreza
que nin un pano traía

Botou as mans ao pescozo
a un volante que traía,
partiuno en tres anacos
ao neno Deus envolvía.

Baixou un anxo do ceo
ricos paniños traía,
uns que eran de Holanda,
outros de Holanda fina.